

Israel e as súas diásporas

Natan Lerner

Introdución

O título que lle dei a esta reflexión require unha aclaración. Por que diásporas, en plural, cando é sabido que o vocábulo “diáspora”, de orixe grega, é, por definición, un concepto que entraña pluralidade?⁽¹⁾ No caso de Israel, creo que é necesario distinguir entre a súa diáspora “israelí” e a súa diáspora “xudía”. O 3 de outubro de 2005, en vésperas do Ano Novo Xudeu, Israel tiña unha poboación total de 6.955.000 almas (sen contar uns 188.000 traballadores estranxeiros, que se consideran habitantes “temporeiros”). Dese total, 5,3 millóns son xudeus e 1,4 millóns son árabes (musulmáns, cristiáns e drusos). Case 300.000 habitantes están descritos como “outros”, e son na súa maioría inmigrantes e os seus familiares, non rexistrados como xudeus⁽²⁾.

Segundo cifras publicadas pola mesma Oficina de Estatística no pasado setembro, estímase que dende a creación do Estado, en 1948, emigraron 641.950 habitantes. Estes emigrantes, alcumados polos israelís como “yordim” (os que descenden, por oposición aos “olim”, os que ascenden, inmigrantes que chegan a Israel), constitúen o que chamaría a diáspora menor ou propiamente israelí. Estes emigrantes, e os descendentes, non perden a cidadanía israelí, pero non teñen dereito a votar nas eleccións en Israel, a menos que acudan a facelo ao propio territorio nacional.

Pero existe tamén unha diáspora maior, que interesa prioritariamente: a diáspora xudía. É dicir, os máis ou menos sete-oito millóns de xudeus que viven fóra de Israel, que non teñen cidadanía israelí senón a dos seus respectivos países, sen lazos políticos co Estado de Israel, pero que, na súa maioría, se senten ligados a el, polo menos afectivamente. A gran maioría deses xudeus da diáspora vive nos Estados Unidos, pero hai comunidades xudías grandes en Francia, Gran Bretaña, Canadá, Arxentina e moitos outros países. Até hai uns anos, había unha colectividade xudía moi numerosa no que foi a Unión Soviética e hoxe é Rusia e Ucraína, non obstante, esta comunidade achicouse moito, sobre todo pola emigración, principalmente a Israel. Dende logo, refírome á situación despois da Segunda Guerra Mundial, durante a cal a demografía xudía se modificou radicalmente, como consecuencia do exterminio polos nazis duns seis millóns de xudeus europeos.

Para comprender ben este tema, é necesario tomar conciencia do que é o Estado de Israel. Este é un caso singular na formación de Estados-nación na era

(1) O *Espasa de peto* (1993) trae dúas definicións do vocábulo diáspora: Dispersión dos xudeus por varios lugares do mundo e, por extensión, dispersión dun conxunto de persoas. En xeral enténdese hoxe por diáspora un conxunto de persoas que viven fóra dun Estado ao que se senten ligados por vínculos históricos, culturais, relixiosos, lingüísticos, étnicos, etc.

(2) Cifras elaboradas pola Oficina de Estatística e publicadas na prensa en outubro de 2005.

moderna. Non son moitas as analoxías entre o proceso dramático, por certo trágico, que culminou o 14 de maio de 1948 coa constitución do Estado de Israel, por un lado, e os moitos procesos que conduciron á creación de Estados, e cambiaron o mapa político do mundo nos séculos XIX e XX⁽³⁾.

Israel foi concibido, naceu e construíuse como un ente político dedicado a unha meta. Esta meta –o sionismo⁽⁴⁾– propúxose cambiar as condicións de vida da comunidade, diseminada polo mundo enteiro, chamada xeralmente “pobo xudeu” ou “nación xudía”. O sionismo aspirou a establecer –máis ou menos sobre o territorio onde dous milenios antes existira un Estado xudeu– un Estado moderno, soberano, poboado por unha maioría xudía. Logrou materializar esta aspiración en a penas medio século de acción política e práctica, estimulada –cómpre reiteralo– pola tremenda traxedia dos xudeus de Europa. O sionismo tamén albiscou a transformación da demografía e a estrutura da sociedade existente no país, cousa que certamente ocorreu, e a obtención dun arranxo ou *modus vivendi* coa poboación palestina e os países veciños, meta que só se alcanzou parcialmente.

Aos 57 anos da súa existencia como Estado independente, Israel é un país moderno, cunha sociedade consolidada, cunha economía adiantada, relativamente afianzado como unha potencia rexional, e con moitos problemas na orde política, militar, relixiosa-cultural, social e internacional. Entre estes problemas, un dos máis fascinantes é a relación entre o Estado e a súa cidadanía, por unha banda, e a diáspora xudía dispersa por todos os continentes, pola outra. Esa relación é o tema central deste traballo, nos seus dous aspectos: 1) a diáspora nas institucións israelís; 2) o rol de Israel na vida das comunidades xudías da diáspora.

Israel como Estado xudeu

Israel foi definido como un Estado xudeu. Así foi descrito en todos os documentos internacionais que se refiren ao seu establecemento, tales como a Declaración de Balfour de 1917, emitida por Gran Bretaña; o Mandato sobre Palestina, promulgado en 1922 pola Sociedade de Nacións; e a Resolución de 1947 das Nacións Unidas sobre a partición de Palestina⁽⁵⁾.

En ningún deses textos, así como tampouco na Declaración de Independencia de Israel, o termo “Estado xudeu” ten un significado teolóxico ou relixioso. Israel aínda non ten Constitución orgánica formal, pero en ningunha das formulacións que se refiren a Israel como Estado xudeu o termo “xudeu” se usa cun contido relixioso,

(3) Examinado este tema en varios traballos, algúns deles en castelán, incorporados a *Israel y la Condición Judía: el Derecho a Ser Diferente*, Jerusalén, 1987. En inglés, trateino no meu ensaio sobre *Affirmative Action in Israel*, publicado pola Rockefeller Foundation de Nova York, nun volume colectivo sobre *International Perspectives on Affirmative Action*.

(4) Existe unha literatura moi abundante sobre o sionismo. En xeral, véxase Walter LACQUEUR: *A History of Zionism*, Londres, 1972 (hai unha tradución ao castelán).

(5) Para todos estes textos, John NORTON MOORE: *The Arab-Israeli Conflict*, Princeton, 1974.

senón no senso de que Israel é o Estado do pobo xudeu, dende os ángulos histórico, cultural e tamén político. Estado xudeu significa Estado dos xudeus, e non Estado rexido pola *halaja*, a tradicional lexislación xudía⁽⁶⁾.

En canto aos xudeus da diáspora, eles constitúen comunidades, ou comunidades minoritarias, no senso no que o dereito público, internacional e constitucional, define estas entidades⁽⁷⁾. Esas comunidades, e os individuos que as compoñen, teñen co Estado de Israel unha relación complexa, multidimensional, e na que é doado percibir ingredientes culturais, relixiosos, históricos, nalgúns casos lingüísticos, e certamente afectivos. Non é unha relación semellante á que existe entre algúns Estados europeos e persoas que nalgún momento foron –elas mesmas ou os seus ascendentes– cidadáns deses Estados e hoxe viven noutros países, dos que son, aínda que non sempre, cidadáns.

Este tipo de relación é o que se chama *kinship* –en termos latos parentesco– e entre o *kin-State* e as comunidades –minorías noutros países, fronteirizos ou non– existen complexos problemas que encerran dificultades políticas⁽⁸⁾. O caso de Israel e a súa diáspora é certamente diferente.

Xa nos primeiros anos da existencia do Estado de Israel, os seus líderes deberon encarar este problema, complicado tamén por razóns semánticas. “Israelí” significa cidadán de Israel; “israelita” é aceptado como sinónimo de “xudeu”, e refírese aos habitantes da diáspora, calquera que sexa a súa nacionalidade. Non é infrecuente que estes termos se confundan. Israel, como Estado, ten un forte –e facilmente explicábel– interese na solidariedade dos xudeus da diáspora. Trátase dun vínculo que pode ser máis ou menos intenso pero que non implica compoñentes políticos aínda que pode ter consecuencias políticas.

A influencia que os xudeus da diáspora poden ter sobre os seus respectivos gobernos e parlamentos é, nalgúns casos, de grande importancia para Israel. Todos os seus gobernos trataron sempre de estimular o incremento dos lazos entre o país e as comunidades diaspóricas. Á vez, tiveron xeralmente coidado de subliñar que isto non arrastra ningún significado político. O máis ou menos permitido risco de que se lles ataque aos xudeus con acusacións de dobre lealdade –esquecendo que todo ser humano é titular de múltiples lealdades– induciu aos voceiros de Israel e das comunidades a aclarar esta situación, non sempre con éxito.

O primeiro xefe de goberno israelí, David Ben-Gurion, formulou o 23 de agosto de 1950 a seguinte declaración: “*o Estado de Israel representa aos, e fala só en nome dos, seus propios cidadáns e non pretende, de ningún xeito, representar a, ou falar en nome de, xudeus que son cidadáns doutro país. Nós, o pobo de Israel,*

(6) Sobre o sistema legal de Israel, véxase *Introduction to the Law of Israel*, obra colectiva editada por Amos Shapira e K.C. De Witt-Arar e publicada en 1995 na Haia. Véxase tamén, en castelán, o meu *Judíos y no judíos ante la Ley israelí*, Bos Aires, 1978.

(7) Véxase o meu libro *Group Rights and Discrimination in International Law*, A Haia, 2003.

(8) Varios traballos contidos nos voluminosos tomos I e II do *European Yearbook on Minority Issues*, publicados na Haia en 2003 e 2004, respectivamente, tratan este interesante tema. Ver tamén G. PENTTASUGLIA: *Minorities in International Law*, Estrasburgo, 2002.

non temos desexo nin intención de interferir de ningún xeito nos asuntos internos das comunidades xudías do exterior"⁽⁹⁾.

Intencións e práctica non sempre son idénticas. Pero o principio é claro e Ben-Gurion sentiu a necesidade de engadir que os xudeus do mundo, "*como unidade e como individuos, teñen un só vínculo político(...) Non lle deben a Israel lealdade política algunha*". Pero o énfase é sobre lealdade política. Non hai nada ilexítimo en lazos doutro tipo, e nas sociedades democráticas dos nosos días non se pon en dúbida a solidariedade xudía co Estado de Israel. Non hai obrigas políticas pero os lazos histórico-relixioso-culturais que unen aos xudeus de todo o mundo coa comunidade maioritaria do Estado de Israel tradúcense nunha afinidade e interese recíprocos, que se acentúan cando o Estado atravesa, como ocorreu no pasado, momentos difíciles.

Na práctica, eses vencellos exprésanse no turismo, nas contribucións materiais, na participación activa na discusión pública sobre os problemas de actualidade, no aproveitamento das vantaxes culturais e educativas que o Estado pode ofrecer, e en actividades relacionadas.

No sentido inverso, Israel efectuou unha contribución xigantesca á educación xudía –laica e relixiosa– na diáspora, proporcionando educadores, libros de texto, rabís e outros funcionarios relixiosos que as comunidades non poden producir en forma autónoma. O Estado non pode desinteresarse da sorte das comunidades xudías do mundo e, nos feitos, sente unha clara responsabilidade polo destino colectivo do pobo xudeu, así como polo benestar e pola seguridade dos xudeus e xudías individuais. En máis dunha ocasión, a política exterior de Israel foi influenciada polas necesidades ou os problemas de certas comunidades⁽¹⁰⁾. Son ben coñecidos os casos da Unión Soviética, dos xudeus dos países árabes ou dos xudeus de Etiopía.

Un tema moi interesante, que non podo analizar aquí, é a interacción entre Israel e as comunidades diaspóricas en materia relixiosa e nas relacións de familia, tema que en Israel está recollido até hoxe en día pola preservación do sistema de comunidades recoñecidas, que Israel herdou do Imperio otomán e do Mandato británico⁽¹¹⁾. Isto aféctalle a cuestións relacionadas co matrimonio, co divorcio e con outros lazos de familia.

Lexislación israelí

Israel adoptou unha serie de leis de obvio contido *xudeu*. Entre estas, inclúense leis como a do Retorno de 1950 e as súas modificacións (que crea un privilexio para os xudeus e para os familiares directos, aínda que non sexan xudeus, en canto ao dereito de

(9) Ver, entre outros, Charles S. LIEBMAN: *Diaspora Influence in Israel: The Ben-Gurion Blaustein Exchange and its Aftermath* en *Jewish Social Studies*, XXXVI, 1974, p271.

(10) Entre moitos traballos, sobre este tema, véxase por exemplo, Michael BRECHER: *The Foreign Policy System of Israel*, Londres, 1972; Abba EBAN: *An Autobiography*, Nova York, 1977.

(11) Tratei esta cuestión nun relatorio nun congreso sobre o dereito constitucional comparado que tivo lugar en Tokio en setembro de 2005.

inmigraren a Israel e de obterem a cidadanía); a Lei sobre Castigo dos Nazis e dos seus Colaboradores; a Lei sobre Prevención e Castigo do Crime de Xenocidio, ambas de 1950; e a Lei sobre Crimes contra a Humanidade, de 1966, abolindo a prescrición de tales crimes. O que estas leis penais teñen en común é a extensión da xurisdición israelí a crimes cometidos contra o pobo xudeu, antes aínda da creación do Estado⁽¹²⁾.

Outras leis israelís que se relacionan coa diáspora son a Lei sobre a Organización Sionista Mundial-Axencia Xudía, de 1952; a Lei sobre a institución denominada *Yad Va'shem*, de 1952, que crea unha institución cuxa meta esencial é investigar e perpetuar a memoria do Holocausto dos xudeus europeos, de 1953; a Lei sobre o Día da Lembranza do Holocausto e do Heroísmo, de 1959, ao mesmo efecto; a Lei sobre o *Keren Kayemet Leisrael*, o Fondo Agrario da Organización Sionista, de 1953; e a Lei sobre o *Keren Hayesod*, o instrumento financeiro desta organización, de 1956⁽¹³⁾.

A máis importante e interesante de todas esas leis é a Lei do Retorno. Hai quen a impugnou como discriminatoria, por crear un privilexio para os xudeus (e determinados familiares non xudeus). Non comparto esa crítica. O meu punto de partida é estritamente laico e non vexo ningunha dificultade en que un país lles outorgue privilexios en materia inmigratoria a persoas do exterior que estean unidas por lazos históricos, culturais ou relixiosos á poboación do país de inmigración. Xa o fixeron ou o fan moitos países democráticos e liberais, e o privilexio está claramente aceptado polo dereito internacional, a condición de que non se discrimine contra un grupo, comunidade ou poboación determinado⁽¹⁴⁾.

A Lei do Retorno e, en especial o fascinante problema de determinar quen é xudeu, foi a causa de moitos pronunciamentos xudiciais sumamente interesantes, que non podo tratar neste traballo, aínda que teñen obvia relevancia para o tema mesmo. Foi tamén, e é, un permanente elemento de controversia política. Houbo e hai, constantemente, propostas de emenda. Se algún día Israel adopta, como espero, unha Constitución, esta terá que incorporar, dunha maneira ou outra, os principios da Lei do Retorno. Esta non é, en termos técnicos, o que se chama en Israel “lei básica”, pero é un texto xurídico da maior importancia e, posibelmente, o máis importante en canto á proclamación da afinidade entre o Estado creado polo pobo xudeu e as comunidades xudías dispersas polo mundo.

Carácter das comunidades

Quero referirme agora ao carácter e á estrutura das comunidades, a grandes trazos, xa que é imposible entrar en detalles individuais. Dende os tempos da Emancipación, as comunidades xudías pasaron por serias transformacións. Os rabís deixaron

(12) Sobre a lexislación mencionada, ver o libro colectivo citado na nota 6.

(13) Ibid. Véxase tamén o meu libro *Judíos y no judíos ante la Ley israelí*.

(14) Esta é condición imposta pola Convención contra a Discriminación Racial aprobada polas Nacións Unidas en 1965. Véxase o meu libro sobre a Convención, 2a. Ed. Alphen aan den Rijn, 1980.

de ser á vez líderes da colectividade, e cada comunidade foi adoptando formas de organización e de condución máis ou menos apropiadas ás circunstancias determinadas polo medio ambiente.

Nalgúns países, o dereito público ditaminou as modalidades da organización comunitaria xudía. Na maioría, o sistema foi máis ben pragmático. En Europa Oriental, antes da Segunda Guerra Mundial, o tipo de organización xirou arredor do que se chama en hebreo a “*kehila*”, a comunidade. En Europa Occidental e nos Estados Unidos déronse distintos sistemas, nalgúns casos rexidos pola lei, e noutros totalmente independentes e voluntarios.

A partir da segunda metade do século XX, concentrada a maior parte dos xudeus en Occidente, non houbo grandes cambios nestes sistemas. Nalgúns países como Gran Bretaña, Canadá e Arxentina, existen entidades xudías centrais que constitúen especies de confederacións de todas as institucións xudías, ou da maior parte delas, recoñecidas de feito, se non *de jure*, como voceiros autorizados da comunidade. Nalgúns países europeos, en Francia, en Turquía, ou nos países que foron comunistas, as entidades centrais da comunidade teñen certo *status* vinculado ao dereito público, xeralmente centrado nas funcións relixiosas. Noutros, como España, Italia e Alemaña, hai convenios entre o Estado –federal ou provincial– cos entes que falan en nome da colectividade.

De feito, en case todos os casos, esas institucións centrais, ou institucións *ad hoc*, refírense nos seus estatutos á relación das comunidades entre elas, e co Estado de Israel. Non se trata dunha relación formal, cristalizada, senón dunha expresión frouxa, flexíbel, do que foi descrito máis arriba como *kinship*, parentesco, fraternidade se se quere. Non é o caso do *kinship* con pormenores legais como no do Leste e Sur de Europa. Pero é un vínculo real, dinámico, aceptado de feito como lexítimo e necesario, polas sociedades circundantes.

Para citar un exemplo do lugar que o Estado de Israel ocupa na conciencia das comunidades diaspóricas, limitareime a unha breve cita dun documento do ano 2001 que describe a “Misión e Obxectivos” da Delegación de Asociacións Israelitas Arxentinas (DAIA), unha típica “entidade representativa da comunidade xudía”, que describe o seu rol nos seguintes termos: “*A tarefa da DAIA é esencialmente política e educativa para o que leva adiante a propia xestión interactuando cos poderes públicos e con todos os sectores da sociedade arxentina, como así tamén a través das relacións con outras comunidades e entes representativos xudeus do mundo, facendo fincapé nos vínculos co Estado de Israel e ratificando a súa condición de centro espiritual da vida xudía*”⁽¹⁵⁾.

Esta acentuación da condición de Israel como centro espiritual da vida xudía reflicte moi ben a forma en que a maior parte das comunidades xudías da dispersión perciben a relación Israel-diáspora. Hai matices que responden á antigüidade de cada comunidade, ao equilibrio entre os sectores que actúan nelas, ás modalidades

(15) DAIA, *Misión e Obxectivos*, documento datado do 19 de marzo de 2001.

da relación entre a comunidade e o medio ambiente, gobernos, forzas políticas, opinión pública, etc. Pero, en xeral, a frase transcrita podía aparecer nos estatutos de virtualmente todas as comunidades xudías organizadas, aínda aquelas nas que non existen entidades centrais federativas. Dende logo, hai sectores máis orientados cara a Israel e outros menos, e a relación é dinámica e sofre o impacto dos cambios que se producen. Pero optei por un exemplo que creo moi representativo.

Moshe Davis, falecido fundador e director do Instituto para o Estudo do Xudaísmo Contemporáneo da Universidade Hebrea de Xerusalén, describiu o que cualifica de “interdependencia xudía mundial⁽¹⁶⁾”: *“os cambios revolucionarios alteraron –escribe– a condición xudía mundial, e a presente situación histórica excede as fronteiras nacionais. Nin a ficción de diáspora-centrismo nin a ideoloxía de Israel-centrismo poden servir como base para unha interdependencia xudía mundial (...) Os termos “Israel” e “diáspora” non son dicotómicos. Eretz Israel (a Terra de Israel) e a diáspora constitúen unha entidade. Contrapoñer Israel á diáspora é unha presentación falsa dunha realidade histórica. Israel está dentro do pobo xudeu e non separada del (...)”*.

En canto ás responsabilidades recíprocas, Davis agrega: *“Israel ten que desempeñar un rol creativo no desenvolvemento dunha diáspora continua; e as comunidades xudías do mundo comparten a responsabilidade pola configuración do futuro xudeu en Israel”⁽¹⁷⁾*. A precedente cita é dun historiador e non dun xurista. Tal vez non achegue a rotundidade dunha fórmula xurídica; pero proporcionáanos unha visión coherente e lúcida dunha relación real, existente, non sempre sinxela de explicar en termos legalistas, pero imposible de ignorar dende un punto histórico e cultural.

En todo caso, a relación Israel-diáspora, se ben moi especial, é abondo atípica. Non é hoxe un caso illado no cadro das relacións entre certos Estados e colectividade dispersas, unidos por unha variedade de vencellos, que requiren ser estudados e comprendidos, sen prexuízo das modalidades diferentes de cada caso.

Natan Lerner é profesor de Dereito Internacional no Centro Interdisciplinario Herzliya e retirado da Universidade de Tel Aviv.

(16) Moshe DAVIS: *The Yom Kippur War, Israel and the Jewish People*, Nova York, 1974, p344.

(17) *Ibid*, p347.